

## **Informe enviado pola CIG á Fiscalía Superior de Galiza sobre situación do COVID-19 en centros da Consellería de Política Social**

### **FISCALÍA SUPERIOR DE GALIZA**

1. Por informacións publicadas nos medios de comunicación, este sindicato tivo coñecemento de que a Fiscalía solicitara á Xunta de Galiza información sobre a situación de determinadas residencias da terceira idade durante a presente situación de emerxencia sanitaria derivada da epidemia de Covid-19.
2. Por este motivo e co ánimo de colaborar coas actuacións que desenvolve a Fiscalía, o pasado 26 de marzo remitímoslle un informe da situación, nese intre, en centros que dispensan servizos sociais, no que se recollían as manifestacións transmitidas polos traballadores e traballadoras dos referidos centros.
3. Continuando coa nosa colaboración, consignamos a seguir os datos de que dispón este sindicato, ordenados por provincias e tipos de centro a día de hoxe:

#### **A) PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

##### **1. RESIDENCIAS DE MAIORES**

###### **1.1. Residencia de maiores de Cerdedo**

Contan, neste momento, con 14 persoas usuarias porque as de centro de día están no seu domicilio.

EXTENSIÓN DO VIRUS: Non hai casos (un illado por sospeita).

TEST: Comezan mañá.

DESINFECCIÓN: Non.

MATERIAIS: Chegaron de todos.

###### **1.2. Complexo CRAPD Vigo 1 e Vigo 2**

Número de traballadores/as 385. Desinfectou a UME (exteriores).

EXTENSIÓN DO VIRUS: 12 traballadoras/es positivo (9 camareiras limpadoras e 3 auxiliares de enfermeiría). 18 persoas usuarias positivas e 22 con síntomas pero sen confirmar (illados). Datos á falta de máis resultados de test que están a realizar. Estaban a facerlle hoxe ao resto do persoal.

Observamos máis incidencia entre o persoal de limpeza.

MATERIAIS: van tendo, pero escaso e teñen medo que se lles acabe.

Non hai material de illamento respiratorio e equipos especiais para COVID 19 para todo o persoal. Teñen escaseza de máscaras (unha por traballadora e quenda), non hai batas nin gafas.

TEST: Están a facelos (falta un 20% en Vigo 1 -onde hai casos- e non se fixeron en Vigo 2).

### **1.3. Residencia de Marín**

Número de traballadores/as 43.

EXTENSIÓN DO VIRUS: Non hai contaxiados nin illados.

TEST: realizados.

DESINFECCIÓN: SI.

MATERIAIS: Non contan con materiais COVID-19. Danlles unha mascarilla cirúrxica por día.

### **1.4. Residencia Campolongo**

Número de traballadoras/es 80.

EXTENSIÓN DO VIRUS: Non hai contaxiados nin illados.

TEST: Estanos a facer.

DESINFECCIÓN: pola UME hai unha semana.

MATERIAIS: Non contan con materiais COVID-19. Danlles unha mascarilla cirúrxica por día.

### **1.5. Residencia de Maiores da Estrada**

Número de traballadores/as 25.

EXTENSIÓN DO VIRUS: Non hai contaxiados a día de hoxe.

TEST: Non se fixeron.

DESINFECCIÓN: Non desinfectaron (só o Concello por fóra).

MATERIAIS: Teñen escaseza de todo tipo de material de autoprotección. Non contan con materiais COVID-19. Danlles unha mascarilla cirúrxica por día.

## **2. CENTROS DE MENORES**

### **Centro de menores AVELINO MONTERO**

Número de traballadores 18 educadoras de contacto directo (os menores están comprendidos entre 14 e 21 anos).

EXTENSIÓN DO VIRUS: Non hai contaxios oficiais, nin síntomas que fagan sospeitar.

TEST: Non.

DESINFECCIÓN: Non.

MATERIAIS: Non contan con materiais COVID-19. Danlles mascarilla cirúrxica e luvas.

Reforzaron a plantilla de limpeza cunha camareira limpadora máis.

## **3. CEMVI**

### **Centro de Emerxencia para muller vítima de violencia de xénero**

Vivenda protexida: teñen escaseza de máscaras e xel hidroalcolico, e carecen de gafas, luvas e batas.

Parte do material o levan as propias traballadoras.

## 4. CAPD, Centros de Atención a Persoas con Discapacidade

### CAPD de Redondela

Número de traballadores/as 167.

EXTENSIÓN DO VIRUS: 20 taballadoras/es positivos. 35 persoas usuarias positivos. 1 persoa usuaria falecida.

TEST: si. Séguense a facer probas.

DESINFECCIÓN: 3 veces pola Xunta. Sergas impartiu formación.

MATERIAIS: Si, de todo tipo. Esperan que manden máis porque lles vai durar pouco.

## 5. CENTROS INTEGRADOS

### Centro Integrado de Panxón (RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DE PANXÓN)

EXTENSIÓN DO VIRUS: Persoas usuarias non infectadas, pero a data de hoxe hai dous usuarios positivos. Parte do persoal estivo traballando noutros centros residenciais até o de agora.

A procedencia das persoas usuarias é de centros de válidos concertados privados que chegan con 2 test feitos, dando negativo en COVID-19. A pesares desto, hai dous usuarios infectados.

Contrataron a persoal a maiores do que contaba o centro (non era un centro residencial de pèrsoas maiores).

TEST: comezaron a facerllos. Terían que terllos feito antes de comezar a traballar con residentes sans.

DESINFECCIÓN: UME non.

MEDIOS: Escasos, porque dinlle que non hai infectados. Non contan con materiais COVID-19. Mascarilla cirúrxica.

## B) PROVINCIA DA CORUÑA

### 1. RESIDENCIAS DE MAIORES

#### 1.1. Residencia de Maiores Asistida de Oleiros

Facilítaselle ao persoal batas, calzas e gorro para uso cos tres residentes que están pendentes de resultado do test. Para atender ao resto da residencia non hai EPI. Proporcionanlles unha máscara cada dous días (batas calzas e gorro non).

Test para confirmar ou desbotar os contaxios a todos os/as residentes e a todo o persoal deste centro, vanse facer.

Hai unha traballadora que deu positivo. Estase a poñer en perigo a saúde e integridade física de todos os residentes situados no sector de poboación con risco, mais tamén dos traballadores e traballadoras e as familias destes, xerando un círculo vicioso da enfermidade que pode medrar exponencialmente.

## 1.2. Residencia de Maiores Torrente Ballester

Estes días comezaron a dar máscaras cirúrxicas, unha para cada tres días. Non hai persoal abondo, porque hai baixas que tardan en cubrirse, hai incremento de traballo pola situación que obriga a facer limpeza a fondo e medidas hixiénicas extraordinarias, e o persoal desta residencia ten unha media de idade elevada. Precisaríase persoal de reforzo con urxencia

## 1.3. Residencia de Maiores de Carballo

Só teñen luvas, as máscaras para “reutilizar” (ata que aguanten, incluso unha semana).

## 1.4. Residencia de Maiores Ferrol

Facilítanse máscaras cirúrxicas ao persoal cada 4 días para reutilizar; para enfermeiras e auxiliares deron mascarillas FFP1 (fai 15 días) e cirúrxicas; todas elas para reutilizar. No centro hai calzas e algunha máscara cirúrxica.

Para illamento respiratorio facilitáronse máscaras cirúrxicas, bata, calzas e luvas non reutilizables.

Para casos sospeitosos de covid facilitouse calzas, buzo non impermeable; bata plástica impermeable, dobres luvas de nitrilo. Máscara FFP1 e cirúrxica conxuntamente. Gafas e pantallas (non acorde coa normativa de prevención de riscos).

Para casos confirmados de covid está gardado en coordinación os equipos especiais para COVID19, pero son escasos, e non hai para todo o persoal. Non hai máscaras FFP3 para casos de aerosoles.

Test para confirmar ou desbotar os contaxios a todo o persoal residente o vindeiro día 20, e a todo o persoal traballador deste centro, o vindeiro 21; despois de moito reclamar e insistir.

## 1.5. Residencia de Maiores Porta do Camiño Santiago de Compostela

Neste momento hai 80 usuarios/as contaxiados (15/4/20).

Os usuarios/as habituais foron trasladados ao Hotel Congreso. Descoñecemos que medidas se están a tomar na instalación hoteleira á que se trasladaron.

Están a facer tres habitacións coas mesmas luvas, non hai sabanas, non hai nada. 25 ingresos, 4 horas e media cos mesmos epis, horas e mais horas seguidas cos mesmos epis (de 8h a 15h). Descansaron para comer 15 minutos, e volta a empezar. Unha auténtica escravitude.

O establecemento de quendas continuadas de 12 horas con atención directa a usuarios/as contaxiados/as de Covid-19 non parece o máis adecuado para a saúde psíquica do persoal nin para manter unha atenta atención ao seguimento dos protocolos de prevención.

Non están facendo test despois do sétimo día cando rematan, polo que van para a súa casa sen saber se estan infectadas, poñendo en risco ás súas familias.

Estase obrigando a presentarse a traballar ao persoal dos Centros de Día do Consorcio sen información algunha, nin das medidas a tomar nin de instrucións a seguir, co agravante de descoñecer o centro, o que pon en risco ao persoal e ás persoas que ingresen. Asimesmo, o centro é de válidos, polo que as instalacións (habitacións, portas, acceso aos baños e propios baños) non son axeitadas para as camas hospitalarias.

## 1.6. Residencia de Maiores Asistida Volta do Castro

Máscaras para reutilizar, luvas, e para aillamentos calzas e bata.

Fíxose Test a todo o persoal e residentes. Todos deron negativo.

Dende o luns día 16 de marzo de 2020, a directora do centro procedeu a indicarlle a todo canto persoal via polo centro con máscara cirúrxica, que non era necesario o seu uso e que deberían reservarse para mais adiante xa que non había stock na Xunta e o Goberno Central non as mandaba. A directora do centro chegoulle a dicir ao gobernante do centro) que dese ordes ao persoal do seu departamento (camareiras-limpadoras) que non usasen máscaras cirúrxicas nen en cociña durante o montaxe das bandexas de comida, nen en lavandería cando se abren as bolsas de roupa sucia, nen na UCE para entrar a facer unha habitación. Circunstancias nas que sempre se usou máscara mesmo por regulamentación de manipulación de alimentos, contacto con feces e ouriños, etc. Así mesmo a directora durante os días que van dende o 16/03/2020 ata 26/03/2020 foi polas plantas do centro coas coordinadoras de enfermería retirando as caixas de máscaras e levas que sempre se atoparon ao dispor do persoal nos controis das plantas ou depositadas en puntos estratéxicos dos módulos. Durante estes requisamentos díciánlle ás camareiras que via traballando facendo habitacións nas plantas que non facia falla usar máscaras, que había moi poucas e que o Goberno Central non quería dar mais á Xunta. Mesmo a algunha traballadora que traía máscara de casa díxolle que a quitara que non facia falta usala. Nunha reunión da directora cos xefes de departamento, e estando presentes a directora, as coordinadoras de enfermería o gobernante, a sicólogo e a traballadora social, unhas das coordinadoras de enfermería a solicitude do gobernante que se deixara usar máscara a todo o persoal e que se lle dera unha ou dúas ao día a todo o persoal en quenda, unhas das coordinadoras de enfermería dixo: “las camareras antes de usar las mascarillas deberían aprender a lavar las manos que no saben como se hace”. Durante unha das solicitudes do gobernante á directora de que todo o persoal tiña que ter unha máscara e deixarlle usar durante a quenda a directora contestalle: “Estoy harta de ti y de tus puñeteras camareras solo sabeis protestar”.

O día 26 de marzo a UME acude á Residencia de Maiores de Volta do Castro a desinfectar e a directora que ata ese día non quería que o persoal usara máscaras sale á porta principal do centro a saudar aos veciños que aplaudían o traballo de desinfección da UME, con máscara cirúrxica correctamente colocada e bata, e sin luvas polo que se pode observar na foto publicada na prensa que se remite.



Figura 1: Foto de La Voz de Galicia de 27/03/2020



O día 3 de abril de 2020, recibese en todos os departamentos do centro unha nota de réxime interior de data 2 de abril asinada pola directora do Centro que dí: “Comunícase que no presente estado de alarma sanitaria cómpre que todo o persoal que presta os seus servizos no centro, durante o desenvolvemento da súa quenda de traballo, utilice a máscara quirúrxica que se pode recoller na Enfermaría, xa que se trata dunha medida de hixiene respiratoria con posibles efectos sanitarios para a protección das persoas que residen e traballan nesta residencia.”

Despois de 19 días de terse decretado o estado de alarma a directora da Residencia de Volta do Castro si considera oportuno que todo o persoal utilice máscara quirúrxica.

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Residencia Asistida de Mancebos Volta do Castro  
Rúa Idefonso Sánchez Mexe, nº 7  
15706 Santiago de Compostela  
Telf - 981 534 570 Fax - 981 534 571

**NOTA DE RÉXIME INTERIOR**

DE: DIRECTORA

A : MÉDICOS  
ADMINISTRACIÓN  
COORDINACIÓN DE ENFERMARÍA  
ENFERMARÍA  
TERAPEUTA OCUPACIONAL  
FISIOTERAPIA  
ANIMADORA SOCIOCULTURAL  
COORDINADORA DO CENTRO DE DÍA  
PSICÓLOGA  
TRABALLADORA SOCIAL  
GOBERNANTÍA  
RECEPCIÓN  
COCIÑA  
MANTEMENTO  
CENTRO DE DÍA  
ALMACÉN

Asunto: Uso da máscara quirúrxica  
Data: 2 de abril de 2020 : Recibido 3.abril.2020. Ás 9:10horas

Comunícase que no presente estado de alarma sanitaria cómpre que todo o persoal que presta os seus servizos no centro, durante o desenvolvemento da súa quenda de traballo, utilice a máscara quirúrxica que se pode recoller na Enfermaría , xa que se trata dunha medida de hixiene respiratoria con posibles efectos sanitarios para a protección das persoas que residen e traballan nesta residencia.




Figura 2: Nota de Réxime Interior recibida en tódolos departamentos o 3/abril/2020

## 1.7. Residencia de Maiores A Pobra do Caramiñal

Material de protección baixo mínimos, luvas e máscaras para reutilizar.

## 2. CENTROS DE MENORES

### 2.1. Centro de Menores San Xosé de Calasánz

Medios escasos, máscaras para reutilizar, ausencia de protocolos específicos para estos centros

### 2.2. Complexo de Atención a Menores de Ferrol

Contacto directo usuarios/as menores.

A avaliación de riscos biolóxicos efectuada por Cualtis para o Complexo de atención a menores de Ferrol de 26 de marzo de 2020 no seu punto 2 establece a descripción da actividade realizada no centro nos seguintes parámetros: coidado, atención e control dos menores, colaborando na atención das súas necesidades de educación e residencia. Preparación das comidas, limpeza das instalacións e acondicionamento das habitacións dos usuarios e do centro en xeral. Control de usuarios e instalacións... Os usuarios do centro están atendidos as 24 horas do día. Debido á natureza destas actividades e da propia finalidade del propio centro de traballo, devandito persoal podería ter que desenvolver as mesmas cun residente caso posible ou confirmado por COVID-19. O que avala o contacto directo cós residentes.(maior nesta época de confinamento con menores sen posibilidades de saír do centro e con usuarios/as con transtorno do espectro autista aos que hai que calmar e solucionar conflitos).

Non existe persoal sanitario, polo que as educadoras son as que deben facer as labores de toma de temperaturas e administrar medicación (contacto estreito), con imposibilidade de gardar a distancia de seguridade de 1,5 metros.

O risco establecido na Avaliación é de Alto para o persoal en contacto co covid e moderado para o resto do persoal porque existen positivos ao covid e persoal aislado por sospeita de infección, co que os EPIS para o persoal que atende e limpa esas áreas de illamento serían de protección biolóxica e de protección fronte a aerosois e salpicaduras establecido no punto 4 da Avaliación.

Tampouco os espazos existentes no centro permitirían facer o establecido no protocolo de haber máis dun menor infectado: o illamento dos menores por "cohortes"(punto 4.2.1 do protocolo).

Non aumentou o número de contaxiados/as nin en usuarias nin en persoal.

Material: Dispoñen de máscaras cirúrxicas, monos, luvas e calzas subministradas pola Xunta. As máscaras son de pésima cualidade.

Non dotaron de máscaras FFP2 en ningún momento, nin cando se deron os positivos; só contan con material achegado polo Sergas para as persoas contaxiadas (contaxio biolóxico: 4 gafas e monos). O persoal achegou pola súa conta pantallas feitas en 3D. Dan 1 máscara e un par de luvas por quenda.

Test: Hai persoal que xa o fixo pola súa conta. Pero a nivel administrativo non fixeron ningún; dende o centro están a recompilar datos para solicitar os test ao sergas (están en coordinación coa área sanitaria de Ferrol). Pero dende a Xefatura non comunicaron nada dos test.

Persoal: Dificultades de cobertura. Non lles explican o procedemento para realizar o das patoloxias previas e o INSS está a revogar as baixas.

### **3. CAPD, Centros de Atención a Persoas Discapacitadas**

#### **3.1. CAPD A Coruña**

Facilitouse unha máscara cirúrxica por persoa e quenda.

A día de hoxe hai 25 usuarios positivos, 5 traballadoras coidadoras positivas, e 3 traballadores de mantemento dubidosos.

Ás coidadoras que atenden a unidade de illados, máscaras; FFPS máis cirúrxica, pantalla, dous pares de luvas, calzas, cubre pelo, mandilón plástico, papel de secar as mans para tapar o pescozo. Este é o material xenérico, pero difire dunhas quendas a outras. Ás veces dan gafas en lugar de pantalla. Recrimínaselles por tirar o EPI usado para saír ao descanso, e se lles indica que non necesitan calzas, nin gorro nin bata, e que tiñan que ter utilizado o que quitaron en vez de tiralo.

O persoal coidador traballa baixo presión e estrés, non por ter que traballar, senón polas condicións nas que se lles obriga, así como por ter que facer as funcións do persoal de enfermería (tomar temperatura, medir saturación de osíxeno, etc.) que anotan nun rexistro, e llo contan a enfermeira, que lles le os labios dende fora.

Unha e outra vez, coma ben se pode ver ao longo desta denuncia, expónse ao perigo certo por contaxio tanto ao conxunto de residentes como ao persoal traballador e poñén ás familias destes, xérase deste xeito un círculo vicioso de moi difícil tratamento.

### **4. RESIDENCIAS DO CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR**

#### **4.1. CAMP (Centro de Atención a Maiores Dependentes) de Melide**

Hai batas e máscaras de papel, que non son as axeitadas. Están utilizando só as luvas e as máscaras.

Houbo un resultado positivo dun usuario, que foi trasladado á Porta do Camiño o pasado martes 14 pola tarde. Non se están respetando os 4 días de descanso despois de facer quendas de 38 horas.

Non se prohíbe expresamente que se saque a roupa de usuarios e roupa de traballo de persoal do centro para lavar na casa. Nos centros dependentes do Consorcio hai instrucións de que o persoal garde o uniforme nas taquillas, e se leve cada segundo día a casa para lavar.

#### **4.2. CAMP de Cerceda**

O material facilitado é o mesmo que no resto de centros do Consorcio, escaso e para reutilizar. Chegou unha caixa con material o 6 de abril, e o único que quedou a disposición das xerocultoras e persoal de servizos xerais foron as máscaras. Hai unha PSX soa, polo que non se pode desinfectar e limpar axeitadamente o centro. As quendas cámbianse continuamente, e as persoas de centros de día chamadas para reforzar fan ata catro e cinco noites continuadas, e están esgotadas.



Non se prohíbe expresamente que se saque a roupa de usuarios e roupa de traballo de persoal do centro para lavar na casa. Nos centros dependentes do Consorcio hai instrucións de que o persoal garde o uniforme nas taquillas, e se leve cada segundo día a casa para lavar.

### **4.3. Residencia de Ortigueira**

Non hai material para persoal infectados, só para utilizar con non contaxiados. Cero contaxios en persoal e usuarios.

Comunicaron que en breve faríanlles os test pero sen concretar data.

## **C) PROVINCIA DE LUGO**

### **1. RESIDENCIAS DE MAIORES**

#### **1.1. Residencia de Maiores de As Gándaras**

Está a haber problema cos protocolos a seguir, non hai indicacións específicas e uniformes ante a maneira de actuar ante as situacións que van xurdindo. Dende a aparición dun caso positivo entre o persoal tense illados por prevención aos residentes do 5º andar, e non hai indicacións uniformes como actuar nela. Están permitindo o uso dunha máscara cirúrxica por quenda e persoa, hai ordes contraditorias dun día para outro, mala xestión do persoal existente. Falta de formación específica e non hai material suficiente de illamento respiratorio e equipos especiais para COVID 19, para todo o persoal. Non hai máscaras suficientes en caso de illamento.

#### **1.2. Residencia de Maiores da Milagrosa**

Estase empregando unha máscara por quenda e persoa, o material é escaso.

#### **1.3. Residencia de Maiores de Burela**

Poden usar unha máscara por quenda e persoa. O material é escaso.

#### **1.4. Residencia de Maiores de Monforte**

Escasez de máscaras e batas, falta de protocolos específicos de actuación, permiten o uso de máscaras cirúrxicas pero non as aconsellan, só a usan no trato directo.

### **2. CENTROS DE MENORES**

#### **Centro de especial protección de menores Santo Anxo de Rábade**

Non hai material suficiente. Non se están a usar máscaras. Falta formación específica do persoal.

### **3. CAPD, Centros de Atención a Persoas Discapacitadas**

#### **Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Psíquica de Sarria**

Hai 15 traballadoras infectadas. Esta semana incorporouse unha traballadora que tivera resultado positivo no test diagnóstico Covid-19, porque xa levaba 7 días sin síntomas, sin que

se lle volvese a realizar de novo a proba. Continúa traballando sen ter feito o test, nin ter un resultado negativo, tal como ven recollido nas modificacións do Ministerio do 13 de abril. As últimas máscaras cirúrxicas que están a repartir son de moi mala calidade.

En xeral hai escasez de material para illamento específico e a formación do persoal é escasa ou nula na maior parte dos centros, así coma a existencia de protocolos específicos de actuación.

## **D) PROVINCIA DE OURENSE**

### **1. RESIDENCIAS DE MAIORES**

#### **1.1. Residencia de Maiores de Taboadela**

Non teñen contaxios, nin sospeitas a día de hoxe. Xa lles pediron os datos para facer as probas do covid19, están pendentes. En canto o material ultimamente mandaron máis material. Vanlle desinfectar exteriores do centro persoal da Xunta.

#### **1.2. Vivenda comunitaria de Vilar de Santos**

Non teñen contaxios nin sospeitas. En canto o material teñen para ir tirando, non teñen monos, só enviaron unhas batas. Están pendentes de que lles vaian a facer os test. Teñen 6 usuarios.

#### **1.3. Residencia de Nosa Sra. Dos Miragres (Cabeza de Vaca)**

Non teñen ningún positivo nin sospeitas entre os usuarios. Teñen un positivo dunha traballadora que leva en corentana dende hai máis dunha semana e que foi confirmado a principio desta e realizaránselle os test no día de hoxe (ata o de agora só se estaba facendo os test en caso de sospeita). Teñen material. A diario utilizan luvas, máscaras de papel e pantallas. Teñen preparado material por si xurdira algún contaxio. Vanlle a desinfectar os exteriores do centro con certa frecuencia.

#### **1.4. Residencia de Maiores de Castro Caldelas**

A día de hoxe hai 4 mortes, deron positivo todos os usuarios a excepción de 3. No persoal, polo de momento, teñen 9 positivos e algún negativo. O resto está pendente de resultados. A xente que entrou nova por substitucións, non lle fixeron os test nin teñen intención de facerllos (a non ser que cada un a título individual os pida no seu médico de cabeceira).

#### **1.5. Residencia de Carballiño**

Non teñen contaxios e teñen material. Van a desinfectar os exteriores do centro.

### **2. CENTROS DE MENORES**

#### **Centro de menores CEM da Carballeira**

Estáselle a repartir máscaras diariamente, as cales non son utilizadas por parte de todo o personal (máis ben por unha minoría) xa que no plan de prevención aparece como que se aconsella pero non é obrigatorio. Teñen a disposición do personal luvas e hai botes de hidroxel distribuídos por todo o centro. A dirección do centro dispón a maiores de máis material

reservado para sospeitas e/ou posibles contaxios. Teñen tamén preparado para posibeis contaxios ou por si regresa algún rapaz que haxa que telo en observación. A día de hoxe non teñen ningún contaxio nin sospeitas.

Sin positivos ata o de agora. Teñen a un menor illado do resto facendo corentena por regresar do domicilio e así o estableceron como protocolo do centro ante un ingreso novo, fugado ou reingresso. O persoal educativo segue entrando e saíndo do centro coa súa roupa e co seu calzado. Non hai diferenza entre zona limpa e zona sucia. Nos exteriores do centro están indo cada dous días a desinfectar os bombeiros de Ourense.

Sería convinte que lle fixeran os test a todo o persoal que entra cada semana, para previr contaxios pois os rapaces levan alí confinados moito tempo e se lles ofrecera formación acerca de protocolos de seguridade e medidas de protección.

### **3. RESIDENCIAS INTEGRADAS**

#### **3.1. Residencia Integrada de Baños de Molgas**

Non teñen as fichas preventivas nin o plan de prevención. Dende a Xunta non se lles informou canto persoal ten que estar por quenda nin as funcións. Non se lles pasa test nin o entrar nin ao saír na secuencia dos 7 días. E están tendo problemas para que lles dean material de protección para marchar a casa os 15 días que teñen que estar en corentena, danlle una mascarilla para pasar eses días de confinamento/corentena. Tamén notan diferenza na calidade do material que empregan habendo diferenzas da súa calidade dependendo do tipo de persoal.

#### **3.2. Residencia Integrada Nuestra Sra. de Fátima (Barco de Valdeorras)**

A Xunta interven esta residencia, sen faciliarnos ningún dato, e tendo coñecemento por parte do persoal que é chamado. Hai persoal da Consellería de Educación sin titulación específica traballando dende o xoves día 9 de abril ás ordes da directora desa residencia (a mesma persoa responsable do centenar de contaxios que motivou a intervención) e non presentándose no centro ningúnha persoa designada para asumir a xestión ata o martes día 14 de abril.

Entrégaselle ao persoal pixama e EPI con apenas 5 minutos de presentación á chegada sen explicación da súa colocación (protocolo) nin formación específica das tarefas a realizar e moito menos formación ou información específica das tarefas a realizar e moito menos a nivel de prevención de riscos laborais perante o risco de contaxio.

Non se indica necesidade de ducha a entrada e saída. Non hai zona delimitada de limpo e sucio ou incluso de zona libre e contaxiada.

O persoal é separado ao chegar e asígnaselle unha planta de infectados a cada unha para facer funcións de auxiliar de clínica ou sericultora. Dúas delas nin sequera teñen formación clínica, pois todas son auxiliares coidadoras de escolas e non se lle esixe esa titulación. Non teñen experiencia nas labores que se lle encargan e non se lle indica nin informa das actuacións preventivas que teñen que facer para non contaxiarse nin estender o virus.

Non se fai test ao persoal da Xunta polo que non sabemos se poden ser fonte de contaxio ou poden levalo cara aos seus fogares. Tampouco se realiza nin se prevé un “confinamento” como se fai noutros centros de positivos da Xunta e, ao non ofertarse sequera hotel para durmir, auméntase o risco de espallar o virus trasladando cada día dende O Barco a Ourense.